

ACHEGAMENTO Á IDEA DE FELICIDADE EN GARCIA MARTI

Ramón Sánchez R.

A FELICIDADE HUMANA É RELATIVA E FUXIDIA

Victoriano Garcia Marti (1), seguindo unha longa tradición filosófica, non ten a máis pequena dúbida cando afirma que a felicidade é buscada por todos os homes, aínda que xamais se consiga nen chegue a coñecer-se. Por outra banda, esa palabra e esa realidade encerran anxeios e arelas imprecisas de tal xeito que non é nada doado chegar a defini-la. Xa Aristóteles escribeu que a felicidade pode ser identificada cun grande número de bens (2).

A felicidade de cada un depende de múltiples circunstancias; da súa condición, do meio, das necesidades, da vocación, etc. Nesta liña situa-se Ortega y Gasset, cando uns anos máis tarde escribe: “Todo hombre, en efecto, se siente llamado a ser feliz; pero en cada individuo esa difusa apelación se concreta en un perfil más o menos singular con que la felicidad se le presenta” (3).

É posíbel que haxa unha felicidade relacionada co mundo transcendente; outro tipo de felicidade pode ter moito que ver coa organización persoal da vida de cada quen e, como é lóxico, tamén se pode falar dunha felicidade que está composta da satisfaccións, como di Garcia Marti, que se derivan da realización dos anxeios cotiáns. Despois de todo é posíbel que sexan tan felices os que se moven por afáns minúsculos que están a realizar, como os que buscan un alto ideal e o satisfacen. Sen embargo, seguimos a movernos no plano das posibilidades, porque á hora da verdade, a maioría das persoas chegan á vellice e aínda van camiño dos seus anxeios e das súas ilusións, buscando denodadamente a felicidade: “Felicidad pudiera ser pues jerarquía, disciplina, subordinación de deseos, organización de nuestra propia persona hacia su tema central, buscando el camino de la verdad y de la justicia. Lo trágico es que este camino jamás se ha andado y no sabemos nunca si corremos hacia una realidad o una quimera” (4).

Os homes viven, loitan, aman e esperan. Cada un pensa seguir o camiño máis adecuado na vida, aínda que a maioría dos camiños sexan iguais ou moi semellantes. Os homes están cheos de proxectos, pese a que cada día poden morrer un pouco as ilusións humanas.

Para Garcia Marti, unha das máis grandes dores coas que o home ten que vivir é o non saber quen é ou, mellor dito, o descoñecer o mistério da súa aparición,

(1) Naceu na Póboa do Caramiñal no 1881. Xornalista, científico e literato. Escribeu perto de cincuenta obras e centos de artigos xornalísticos. Finou en Santiago no ano 1966.

(2) Eth. Nic., I, 8, 1098 b 24-9.

(3) J. Ortega y Gasset, A “Veinte años de caza mayor” del conde de Yebes. Obras Completas (Revista de Occidente, Madrid 1964), VI, p. 423.

(4) V. García Martí, De la felicidad (Eternas inquietudes), Ed. Mundo Latino, Madrid, 1924, p. 15.

da súa orixe. A propia natureza humana plantexa co seu misterio, co seu descoñecemento e limitacións unha grande dificultade para que o home poda vivir comodamente instalado na vida. Por moito que discurra, por moito que cavile, non logrará saír da ignorancia respecto da súa orixe, e iso é trágico.

Por se isto fose pouco, di o Autor, a morte aínda pon máis traxédia na vida do home. O medo á morte é algo inevitábel no ser racional. A fugacidade da existencia, o acabamento inexorábel pon unha mágoa terríbel na vida humana. A morte fai abandonar todos os proxectos e arelas, pondo ao descuberto a fragilidade e a inconsistencia da vida e das súas máis preciadas posesións. Ninguén pode esquecer esta dura realidade da vida humana. Ante isto, a felicidade humana non é máis que un instante fuxidio: “La felicidad humana es cosa bien relativa, dentro de estas dos limitaciones fundamentales; el misterio de nuestro origen y el misterio de nuestro fin” (5).

Cando Garcia Marti menciona que a felicidade non se pode acadar marxinando a propia natureza humana, quer dicir que pode haber felicidades diferentes para cada persoa que existe no mundo. Isto dependerá da vida de cada un, das súas experiencias vitais, da súa maneira de ser, etc. Xa que logo, no fondo de cada persoa, de cada ser humano, existe o que o Autor denomina “naturaleza humana”, que non só é fisiolóxica senón tamén e, preferentemente, de carácter espiritual. Non hai contraposición “natureza-espírito”, senón complementación recíproca; non se opoñen, senón que se complementan ou completan; por iso, toda a vida do home debe xirar ao redor deses dous elementos fundamentais da súa propia natureza, en armónica convivencia: –”... y eso, encajar en sí mismo, es la definición de la felicidad” (6).

O home necesita ver reflexada na súa conduta e nas súas aspiracións a súa natureza completa, aínda que descoñeza a súa orixe e o seu fin. Ten necesidade de ser feliz ou, polo menos, ten que buscar a felicidade. Para lograr tal cousa, é preciso que abandone un pouco as súas reflexións respecto de temas tan transcendentais como os protolóxicos e escatolóxicos e se conceda un pequeno crédito a si mesmo no terreo da felicidade e que supoña que todo sucede como debe suceder, que canto acontece é a máxima realidade, mais sen esquecer nen un só instante cal é a natureza humana nen o influxo da alma sobre a mesma: “Sin salirnos de nuestra propia naturaleza, renunciando a considerar nuestro último fin y nuestros principios, es acaso la única dicha posible. Sentir e imperio del alma en la profundidad de nuestro reino interior, por donde escapamos a la esclavitud externa, sentir el dolor de nuestra limitación, que no es la negativa estéril, sino que es una promesa; la promesa y la esperanza de un no sé qué, que constituye toda la gracia y el aliento de la vida” (7).

Non obstante, os homes, di Garcia Marti, perden todos os días a súa felicidade. Esa mesma perda é acaso a única nova da mesma. A felicidade é unha cousa

(5) Op. cit., p. 20.

(6) J. Ortega y Gasset, En torno a Galileo. Obras Completas (Revista de Occidente, Madrid, 1970⁷), V, p. 88.

(7) De la felicidad... p. 50.

da que nunca se ten unha posesión duradeira. Case se poderia dicer que a felicidade consiste máis na dozura da súa lembranza que na gozosa posesión da mesma, por iso ninguén sabe en que consiste, nen cal é o seu valor; aínda máis, cando alguén cre achá-la porque considera que tal cousa ou posesión colma os seus anxeos e apetencias, conclue por sentir aborrecimento e recoller o desengano.

Cando as persoas se senten felices ou coidan que o son, di o Autor, senten a vaidade de amosar-se ledas e felices diante dos seus semellantes. Pola contra, cando a desgracia se aloxa nas súas vidas, son moi poucas as que mostran a súa presenza e, xa que logo, senten-se humilladas por ela; polo contra, o normal é que teñan certo pudor das mágoas e que se faga ostentación dunha vida feliz. Sen embargo, a dignidade persoal medra cando se verte o sangue e se purifica a alma no crisol da desgracia que abre horizontes ao infinito.

A vida do home é temporal e cambiante, polo tanto, todas as súas pertenzas e, entre elas, a felicidade, desaparecen rapidamente. Viver é gastar-se, di Garcia Marti, é ir perecendo. Por iso, a verdadeira felicidade, a que non cámbia, a que é eterna, só será posíbel no futuro, no trasmundo, máis alá das formas e das mudanzas porque “la felicidad intramundana es esencialmente problemática” (8).

Cando o home vive a traxédia e a desgracia na súa propia carne, chora pola felicidade perdida ou non alcanzada, aínda que é posíbel, di Garcia Marti, que esas bágoas sexan o sorriso máis auténtico e aproximado á felicidade que o home pode alcanzar neste mundo. Pola contra, a posesión e o disfrute da felicidade máis grande, debido á maneira de ser do home e ás circunstancias nas que vive, axiña tropeza co valeiro da vida e coa dura realidade do fracaso; entón, aquela páxina feliz, só deixa o sabor das bágoas:

“La felicidad huye de las gentes felices.

Es más fácil soportar con dignidad la desgracia que la felicidad.

Sólo es feliz la vida que se espera.

No hay desgracia que no sonría, ni felicidad que no llora” (9).

Garcia Marti plantexa-se, ademais, a cuestión acerca da causa da felicidade humana. ¿Somos realmente nós os axentes da felicidade? ¿Creamo-la coa nosa conduta e cos nosos actos? Partindo do tan debatido tema da relatividade que é propia de toda dita humana, é certo, di, que a conduta do home pode contribuir nunha grande medida á elaboración da felicidade, dando un valor importante, aínda que relativo, á vida social e á natureza, con miras a producir a felicidade, aínda que, evidentemente, todos eses factores poden converter-se en elementos de infelicidade.

Quizais sexa moi difícil precisar a parte que cada un pode aportar á propia dita, di o Autor, xa que a xurisdicción humana é moi restrinxida e tamén escasean as posibilidades para tal mester, do mesmo xeito que abundan as limitacións que proveñen do misterio que rodea á vida humana. Sen dúbida que na orde externa e no mundo exterior, os atrancos que se opoñen á felicidade son moitas veces

(8) J. L. López Aranguren, *Ética*, Revista de Occidente, Madrid 1968⁴, p. 275.

(9) V. García Martí, *Máximas, caracteres y reflexiones*, Ed. Espasa-Calpe, S.A., Madrid, 1942, p. 67.

insalvábeis, mais na orde da vontade, onde o poder do home é máis forte no referente á moral, todos están capacitados para dominar os instintos e as paixóns e, xa que logo, teñen moitas posibilidades para acadar a felicidade posíbel: "... nuestra felicidad no se hace ni se obtiene como regalo de nadie, sino que es obra de la conducta libre de nuestros actos; el único secreto de la felicidad es el esfuerzo personal por conseguirla" (10).

DIFERENTES TIPOS DE FELICIDADE

Segundo Garcia Marti, uns homes están máis perto da natureza que outros. Uns son máis matéria; outros máis espírito. Os primeiros, son os menos propicios á actividade libre, creadora e alta do espírito e, xa que logo, refuxian-se na dita que proporciona a dirección instintiva das súas vidas, crendo que con isto son máis libres e felices; pola contra, os homes pertencentes ao segundo grupo, son conscientes de que tamén dentro da natureza humana mora a divindade e senten-se misteriosamente comprendidos e comprometidos nunha obra que vai máis alá da orde da cultura e da moral.

Para Garcia Marti, a felicidade que producen os éxitos, os triunfos e o prestíxio persoal, convérten-se nunha especie de dita plebea, lindante cos apetitos e concupiscencias, e, aínda que non di que a concupiscencia e os instintos sexan "malos" en relación co patrón moral, afirma que non valen para enxendrar unha dita verdadeira. Non haberá felicidade posíbel asentada sobre a satisfacción dos apetitos e paixóns; a auténtica felicidade humana, ten de estar asistida pola conciencia e esta, di, distingue os bens e os males, segundo a súas cualidades e transcendencias, non xa con propósitos e fins extraterrenais, senón con arreglo ao desenvolvemento da natureza humana nunha conducta recta: "Generalmente los hombres vulgares toman como tipo de felicidad el que representa el ser humano, que habiendo logrado tales o cuales éxitos en el mundo, siente su personalidad rebosante. Sin embargo, la verdadera dicha, la presenta el hombre de conducta recta, en los órdenes de la moralidad y de la inteligencia, que aun no habiendo logrado resonancias victoriosas de orden externo, tuviese tan gran fuerza íntima que le hiciera reaccionar ante los dolores" (11).

Debemos recordar que para Garcia Marti, todo ben radica nun mesmo, no fondo do eu, na propia casa. Certamente, hai moito que laborar e remover para que o home se encontre a si mesmo. Os humanos, moi a miúdo, fuxen do traballo e da dor e deste xeito renuncian á tarefa de encontrar-se.

Para a xeneralidade dos homes, non obstante, é máis grato triunfar, levar o peito cheo de condecoracións; o público está habituado a ve-los en cortexos. Compracen-se de ser afagados polo pobo. Defenden os seus privilexios aínda que vexan perdidas as súas ideas.

Sen embargo, di o Autor, as almas privilexiadas, saben gardar silencio e renunciar, se é preciso, aos seus dereitos, antes de ferir algun sentimento alleo. Non echen a boca de berros altisonantes. Saben calar para que a alma fale e poda ser

(10) V. García Martí, *Don Quijote y su mejor camino*, Ed. Dossat, S.A., Madrid, 1948, p. 127.

(11) *De la felicidad...* pp. 76-77.

ouvida desde a lonxania do fondo do mistério. Esas almas son capaces de traer á vida corrente, vulgar, de todas as horas, ese fondo íntimo, calmo, afinado no renunciamiento, que parece vir doutro mundo. Nestas persoas, posuidoras dunha alma tan escolleita, hai unha maxestade e unha grandeza que só é dábel aos que son capaces de converter a dor en elemento de purificación e de felicidade: “Las almas afinadas suelen hacer su felicidad del renunciamento a todos aquellos placeres que a la generalidad les causa regocijo. El aislamiento y la vida interior satisfacen al alma selecta más que el homenaje y el halago mundano” (12).

A actividade humana ten que ser un meio para manter, dentro do dinamismo tanto individual como social, unha fórmula de armonía entre as loitas, anxeios e necesidades da vida das persoas e das colectividades. Non se trata, di Garcia Marti, dunha exaltación exclusiva da actividade e do traballo material, xa que o traballo debe tomar-se como un valor ético de solidariedade, de xeito que se eleva o valor da cooperación humana e deixa de ser unha forza puramente económica para converter-se tamén nun meio de perfección e de felicidade persoal.

É evidente que unha sociedade asentada no traballo e na cooperación dos seus membros, unidos por deberes recíprocos de solidariedade é superior en valor ético, afirma o Autor, á calquer tipo de sociedade que se fundamente sobre outros peares que podan implicar rangos ou xerarquias sociais baseados en cousas materiais e económicas.

O traballo, en todos os seus aspectos, como cooperación, como autocontrol, como meio de purificación, como canle para encher a vida etc. pode ofrecer-se como principio de vida colectiva e como elemento de felicidade, xa que limita lóxicamente as autonomías individuais, articulando-as coa actividade dos demais, de maneira que adquire unha dimensión ética e de realización do ben.

O traballo, de nengun xeito se pode considerar como un castigo ou como unha maldición. No traballo, di Garcia Marti, hai una función moral ademais da lei física de buscar a satisfacción das necesidades. O traballo disciplina e distrae dunha serie de problemas e confusións que a vida presenta a cotío.

O ideal para Garcia Marti, sería vivir a vida a plena conciencia, de xeito que o home se situa-se nun plano semidivino, mais, como isto non é posíbel, cando menos para a maioría das persoas, o que si se pode facer é vivir a pleno pulmón, isto é, consciente a meias, entre límites e sombras, polo que o home necesita lanzar-se á acción, ao traballo, para esquecer-se un pouco de si mesmo e, de algunha maneira, para atar-se ás cousas.

Certamente, di Garcia Marti, que o home debe recoller-se na súa intimidade, porque a verdadeira felicidade ten que fundar-se na profundidade do seu ser, en algo esencial e constitutivo. Sen embargo, isto é difícil de conseguir e, mesmamente por iso, hai necesidade do traballo, da actividade práctica para que o home se poda distraer e apartar-se do espanto e do vágado a soledade que pode levar ao home a pensar esterilmente nos inexorábeis problemas da súa orixe e do seu destino. Por iso o traballo, reitera o Autor, é tan lei de vida, porque é a

(12) Op. cit., pp. 79-80.

ocupación menos dañina e máis fecunda: “La obra se nos impone y esta imposición es ya la felicidad.

Hay que aceptar la obra, el trabajo que la vida nos impone, y eso es ya también en los casos que representa el dominio del instinto y la disciplina de la pasión, un género de dicha. El trabajo es tan nuestra ley que, salidos de ella, perdemos todo sosiego y toda calma. El trabajo nos obliga a vivir. En el orden material nos ata a la vida, sin otro fin que el de vivir. En el orden moral nos liga también. ¿Para qué? ¿Para qué?, podéis preguntaros ante un hombre que se afane, ante el pescador que prepare su barca, ante el agricultor que ara la tierra. ¿Para obtener un rendimiento que satisfaga las necesidades humanas? No, no sólo para eso. ¿Para continuar la vida en los hijos? acaso... Pero la función más interesante del trabajo es la de un juego trágico. El hombre ocioso ha de plantearse mil veces el problema del misterio de su vida, y carente de estímulo, su vida se sepultaría en la desesperación. El trabajo nos inclina hacia adelante, nos obliga a marchar con el estímulo del mañana, saltando de día en día, sin el dolor de volver la vista atrás. El trabajo es así un factor de felicidad; de la felicidad que se deriva de encerrarse en los límites de la vida, en el terreno de los instintos y de las necesidades.

Si se quiere dar una fórmula de la mayor felicidad posible en la vida, la respuesta será sencillamente: lo mejor en la vida es vivirla sin atenuar trabajos” (13).

Cando García Martí trata o tema do pracer e sobre todo o da dor, non se refire a que o home deba ter un gosto calado da dor, pola dor mesma, sen chegar a ofrecer-se como un meio. A dor e as contrariedades do instinto, serven para acadar ou, cando menos, para que o home se achegue a metas superiores na súa vida. A dor implica un alma delicada e esquisita; desta forma, tamén o sofrimento e o control dos instintos, levan consigo unha dignidade que enche de matices á alma que os soporta e impide que chegue ao desespero. A tristura e a dor, constitúen para García Martí, ao igual que para Rosalía de Castro, unha especie de segunda natureza que matiza toda a súa vida (14).

A dor e os sufrimentos, sulagan á alma en sí mesma, nunha atmósfera de silencio, que lle permite ouvir e recoller as pulsacións das cousas e do seu propio espírito. A dor, segue a dicer, ten máis ou menos mérito, segundo como acerta a descubrir horizontes de misterio que envolven aos homes e que lles fai acadar a paz.

O ser humano ten o seu centro de gravidade en sí mesmo, na súa interioridade, como gusta de repetir García Martí; mesmo por iso, as persoas serán felices tanto máis cantas menos satisfaccións e gozos teñan, porque os praceres son motivacións externas, transitórias e non esenciais para o home, mentres que a felicidade terá que fundar-se en algo íntimo, en algo sustantivo e constitutivo do seu ser: “En el orden de la sensibilidad, entre los dos términos del placer y el dolor, las gentes aspiran al equilibrio cuando no al predominio del placer, y, sin embargo, nosotros creemos que el verdadero “bien” en la vida humana sólo se consigue cuando ésta se inclina un poco hacia el dolor. Sólo contrariando las inclinaciones

(13) Op. cit., pp. 100-101.

(14) Cfr. Marina Mayoral, La poesía de Rosalía de Castro, Gredos, Madrid, 1974, p. 76.

del instinto, se encuentra la felicidad posible. La verdadera dicha se suele colocar en la paz; ni los placeres intensos, se dice, ni mucho menos los vivos dolores pueden dar la felicidad” (15).

O home bon, segundo afirma Garcia Marti, ten un norde na sua vida que guía os seus pasos: é a virtude que implica sacrificio e abnegación. A virtude é defendíbel até o ponto de facé-la relixiosa, cousa que parece un pouco paradóxica, partindo do suposto de que a relixión xa implica virtude e, xa que logo, renúncia. Aquel que se negase a si mesmo, será o máis virtuoso, aínda que a virtude corrente, é dicir, o comportamento virtuoso de todos os dias, non esixe tanto e salva a dignidade.

A virtude, debido ao renunciamento que implica, fai que moitas cousas se deban evitar en ben dos demais en primeiro termo, que sen dúbida, di o Autor, é o máis importante, e, en segundo lugar, de acordo coa moral, en ben próprio.

Para moitos homes, especialmente para aqueles que ven a virtude por fóra, externamente e desde abaixo, implica negatividade; ben é certo, di Garcia Marti, que por dentro e desde o alto, implica perfección, posto que se consegue destruíndo algo ou renunciando a algo e, isto, é apreciado polo ollo divino. A auténtica felicidade só se pode atopar por estes vieiros, aínda que estén sementados de espiñas.

As boas persoas exercen unha influencia fructífera sobre o espírito dos demais e deixan na sua sensibilidade unha especie de arume eterno que perdura no máis íntimo das suas vidas. As almas nobres, tras a serenidade da mirada, as traxédias do corazón e os ollos tristes, di Garcia Marti, son testigos viventes da felicidade para aqueles ollos que sexan capaces de apreciar a autenticidade vital dentro dunha escada de valores con arrecendo a transcendencia.

Esa é a clase de seres que poden despertar nos demais o gosto e o respecto pola Humanidade e as arelas de vivir. A sua felicidade é diferente, pouco cotizada socialmente, mais non por iso deixa de ter unha dimensión de espontánea ledicia que convida a un conforto e a un descanso próprio de almas aristocráticas: “El sabio que busca las íntimas relaciones de las cosas entre sí y con el espíritu; el artista que crea un mundo de fantasía, donde se redimen y elevan las impurezas de la realidad, pueden alcanzar un género de felicidad legítima, pero la más eficaz y fecunda será la del hombre bueno que lleva siempre en su corazón la herida abierta por donde brota el alma que ilumine todas sus acciones y haga divinas sus actividades cotidianas” (16).

Sen dúbida que na natureza humana hai tendencias moi distintas e mesmo opostas; unha delas, di Garcia Marti, é o instinto, o pracer, o egoísmo; tamén é verdade que detrás dun eu limitado e egoísta, os homes levan outro máis amplo e altruísta que suxeita e frea ao primeiro encamiñándoo polo vieiro da eternidade.

O pracer aínda que pertence ao reino do home, máis que emancipá-lo e romper as cadeas que o atan co mundo cotián e alleante, o que fai é achegá-lo máis

(15) De la felicidad... pp. 93-94.

(16) Op. cit., p. 98.

á escravitude. O pracer ten os atractivos da infidelidade; é a infidelidade da alma que coquetea e se contamina cos seus escravos. O pracer, di, somete ás persoas á lei do instinto, por iso se pode afirmar que a súa relación coa alma é ilícita, pois, as súas esposais son ilexítimas.

Se o pracer fíxese aos homes inmortais, sería aceptábel; mais, dentro dos límites da existencia, o mellor e o único é o desenrolo do espírito para chegar a unha maior conciencia dun mesmo e de canto o rodea, implicando traballo e doenzas para acadar a perfección e, xa que logo, felicidade. Esta sería, pois, va cando se buscase por camiños alleos ao esforzo, ao traballo e ao sacrificio: “El placer nos separa y nos aísla en el egoísmo. Tanto el placer propio como el placer ajeno.

Pero el placer no es la felicidad, la felicidad significa la perfección de la vida inteior, porque envuelve sacrificios y sólo entonces nos sentimos generosos y nuestra vida desborda en forma amable y amplia. A veces el dolor reviste formas aristocráticas de aislamiento para no comunicar nuestra pena al prójimo; pero nos predispone en cambio para compartir la suya. He ahí como el dolor es el camino más seguro y fecundo de la fraternidad humana” (17).

Na intimidade humana, gusta de repetir Garcia Marti, mora a alma, o tesouro máis valedío de que dispón o home ou, dito doutro xeito, a alma é esa prisioneira augusta que todos levan dentro e que constitue a súa grandeza, a súa liberación e a súa inmortalidade. Mesmamente, por mor da súa extraordinaria valia, non é doado para o home vivir coa alma á beira, resultando-lle moito máis cómodo e menos comprometido deixar-se engaiolar polo canto do esquecemento e da inconsciencia e vivir superficialmente deixando á alma nunha cómoda lonxanía.

Sen embargo, para o Autor, na vida humana é preciso resolver un importante problema que consiste en armonizar a alma e a vida, isto é, facer que a vida de cada un, pobre e miserenta, chea de vacilacións, se teña en pé e se alumee dunha resplandecencia lonxana e gloriosa.

Certamente, non é unha tarefa fácil e, aínda que implique desfalecemento e dor a súa percura, é preciso despreziciar o reino da exterioridade, posto que non é outra cousa que unha sombra que brota do mundo da irrealidade. Non nos enganemos, a maior felicidade humana posíbel consiste en sentir dentro de nós mesmos a doce e divina realidade do espírito, de xeito que a alma se faga presente en todos os momentos da vida do home: “Qué consuelo saber, después de todo, que la verdadera felicidad se esconde en nosotros mismos. No, no está en las cosas exteriores que nada pueden resolvernos; está muy dentro de nosotros mismos, pero no se da fácilmente. Hay que invertir el sentido y la orientación de nuestros afanes y volver los ojos a la vida interior del espíritu” (18).

E para rematar, Garcia Marti, pregunta-se se a sociedade, a vida colectiva, pode contribuir á felicidade das persoas ou, pola contra, se máis ben se converte nun poderoso atranco para que o home poda chegar a ser feliz. Este problema ten

(17) Op. cit., pp. 136-137.

(18) Op. cit., p. 155.

moito que ver con outra cuestión moi debatida por el, que consiste en saber se os valores morais e mesmo sociais, que teñen que ver coas persoas, son máis ben producido do individuo que da sociedade e até que ponto se lle pode esixir á colectividade o sacrificio dos individuos.

A posición do Autor ante estas cuestións é ben coñecido. A sociedade é un meio para o desenvolvemento do individuo e non ao revés, xa que logo, a vida individual, aínda que necesita dos demais, debe procurar bastar-se a sí mesma, porque canta máis vida social haxa, en xeral, máis grande é a frivolidade e a desdita das persoas que o perden todo a medida que se alonxan da súa mesmeidade.

A felicidade implica sacrificio e autocontrol, para acadar finura de espírito; implica renúncia ao mundo exterior como medida necesaria para cultivar a interioridade; os que viven pendentos das relacións sociais, do público, do prestíxio social e da ocupación dos primeiros postos, non viven na propia morada, senon que viven de prestado en casa allea. Son incapaces de realizaren-se por si mesmos.

Só os que son capaces de adentrar-se neles mesmos, de cultivar o seu mundo interior, di, constituen unha liñaxe de felicidade que os acompañará máis alá da morte: “En punto a la felicidad, una de las normas para conseguir la dicha relativa que nos es dable, es la de bastarse a sí mismo. Todos los hombres deben saber prescindir del prójimo y saber vivir como si estuviesen solos en este mundo de cara a la eternidad. En la vida social debemos considerarnos de tal modo que puedan echar en falta nuestra presencia, no debemos jamás dar la sensación de sobrar” (19).

(19) Op. cit., p. 170.